



Señores;

Entendo que vostedes leron o comunicado en non se puxeron en contacto coa Federación para poder levar a cabo a competición á que fan referencia. Velar polos intereses dos seus deportistas tamén consiste niso, en tentar colaborar e moverse cando a situación así o require ou aconsella. Pero claro, vostedes son máis de escribir.

No referente ao tema administrativo son eu quen poño as lindes ás responsabilidades que quero asumir. Para determinar esas lindes antepoño os intereses xerais de tódolos deportistas federados aos intereses duns poucos ou dunha determinada especialidade. Ademais de ser iso unha obriga legal para min, a de non poñer en risco a viabilidade da Federación Galega de Pesca, é unha satisfacción decatarme que acertei plenamente, pois vostedes só miran polos seus intereses particulares, como manifestan explicitamente non seu escrito, cousa por outra parte totalmente lexítima, pero que eu, coma presidente da Federación Galega de Pesca e garante dos intereses de tódolos demais membros da Federación, debo obviar. Non sería lexítimo, nin ético nin tampouco moralmente aceptable que por contentar a uns poucos arriscase a viabilidade de toda a competición de pesca federada en Galicia.

Por outra parte, inda que eu quixese arriscar, cousa que xa lles adianto nunca vai suceder, tampouco conto na provincia de Pontevedra con persoas da miña confianza nas que delegar esa responsabilidade. E como comprenderán xamais delegaría, nin agora nin no futuro, en persoas coma vostedes que tan só velan polo seu propio interese, e ademais fano tentando danar á Federación, algo que de ningunha maneira lles vou permitir, e que terei moi presente no momento de inscribir a deportistas pertencentes aos clubs asinantes do escrito en competicións de ámbito nacional.

Nas provincias da Coruña e Lugo puxeron toda clase de facilidades, tanto deportistas coma clubs, para poder desenvolver con total normalidade os seus respectivos provinciais de Embarcación Fondeada. E seguen nesa senda para que aconteza o mesmo no Autonómico, do que dito sexa de paso, xa se teñen excluído vostedes mesmos.

Convídoos a que inicien vostedes o procedemento que consideren oportuno. Xa teño claro que vostedes antepoñen a vía de tentar facer todo o dano que poidan á de colaborar da mellor maneira posible. O feito de impoñer un cambio no calendario xa adiantaba algo disto. Para tratar temas comúns sempre trae mellores e máis satisfactorias solucións o diálogo ao enfrontamento. Vostedes escolleron a segunda vía e eu estou disposto a non defraudalos.

Vimianzo día de San Xoán do 2019

Atentamente